

Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial para o día 28 de febreiro de 2025.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 o Pleno debe realizar sesión ordinaria cunha periodicidade mensual.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

Convocar a sesión **ordinaria** do Pleno da Corporación Provincial, nos seguintes termos:

DÍA: 28 de febreiro de 2025

HORA: 10:00 horas en primeira convocatoria*

LUGAR: Salón de Plenos do Pazo Provincial

** Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario, segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente dous (2) días despois.*

A orde do día da sesión será a seguinte:

1. 2025/2N/PLENO PRESIDENCIA

Aprobación da acta anterior correspondente á ordinaria do día 31 de xaneiro de 2025.

2. 2025/823Y PRESIDENCIA

Mutación demanial obxectiva ou interna do ben inmovible de titularidade provincial emprazado na Rúa Progreso 28 (Ourense) e referencia catastral 3680010NG9837N0001DE: de afectación ao servizo público administrativo, a afectación ao servizo público de cooperación e asistencia ás EELL da provincia en materia do ciclo da auga.

3. 2025/1812J PRESIDENCIA

Aprobación da actualización e rectificación anual do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Deputación Provincial de Ourense a 31.12.2024.

4. 2024/15655S PRESIDENCIA

Aprobación inicial da modificación das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025 (Plan CooperOU 2025).

5. 2024/15655S PRESIDENCIA

Aprobación inicial do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025 (Plan CooperOU 2025).

6. 2025/183X PRESIDENCIA

Aprobación do Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos de Cenlle, Punxín e San Amaro para contratar o servizo de explotación e mantemento e do subministro de enerxía eléctrica das instalacións de abastecemento en alta “Razamonde-San Trocado”.

7. 2025/1936E PRESIDENCIA

Moción do Grupo Popular relativa á problemática tributaria dos encoros transfronteirizos e a valoración catastral das centrais hidroeléctricas.

8. 2025/2008W PRESIDENCIA

Moción do Grupo Socialista para a adopción dun plan de desenvolvemento do sector mineiro na provincia de Ourense.

9. 2025/2011M PRESIDENCIA

Moción do Grupo Socialista para garantir a estabilidade e viabilidade das casas niño da provincia de Ourense.

10. 2025/2017B PRESIDENCIA

Moción do Grupo Popular relativa ao apoio aos empregados da empresa Faurecia Automotive España, SA, do Polígono de San Cibrao das Viñas ante o seu futuro incerto.

11. 2025/2032A PRESIDENCIA

Moción do BNG para reforzo da promoción do galego desde a Deputación de Ourense.

12. ASUNTOS DE URXENCIA.

13. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dación de conta da relación de decretos do mes de xaneiro de 2025.

14. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica desde documento. Dou fe.